

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN APOIO Á PLATAFORMA CASALONGA LIMPA DE RESIDUOS

Casalonga Limpa de Residuos é unha plataforma creada pola veciñanza afectada polo proxecto da empresa Toysal de construír unha planta de residuos nos terreos da antiga canteira da Casalonga, á beira da estrada N550 e dunha estrada provincial, entre Santiago e Padrón. O seu obxectivo principal é divulgar o problema e concienciar todas as persoas afectadas das implicacións reais individuais e colectivas de situar este proxecto en Casalonga.

A finca en que a empresa Toysal pretende construír a súa planta de residuos está localizada tan só a uns 25 metros da estrada N550 á altura de Casalonga, situándose algunha das casas máis achegadas a uns 230 metros da finca. Na contorna e rodeando todo o monte, no que se sitúa a antiga canteira de áridos, atópanse os lugares do Vilar, O Faramello, Rúa de Francos, Casalonga, Osebe, Ameneiro, Texexe, Socastro, Mouromorto, O Casal Cantoña e Cornide, os máis próximos a menos de 550 metros do seu perímetro e todos a menos de 1000 metros. A poboación media de cada un destes lugares supera os 200 habitantes, situando nesta zona cero a máis de 2.000 persoas. Se ampliamos o radio a 2000 metros da canteira veranse afectadas outras parroquias como Luou, Calo, Bugallido, Ortoño, Bastavales, etc, resultando afectadas en torno a unhas 69.000 persoas

Se temos en conta a calidade das augas e o aire, o tránsito de camiións pesados ou cheiros levados polos ventos predominantes veríanse tamén afectados concellos como o de Santiago de Compostela, Ames, Rois, Valga, Padrón, Pontecesures e moitos outros.

No tocante aos servizos existentes á actividade da planta de residuos afectaría a escolas, colexios, centros de saúde, casas de turismo rural, albergues do Camiño Portugués, hostalaría, etc. A actividade agrícola é intensa en todos os lugares que rodean a canteira, aínda que a produción está dedicada case integramente ao autoconsumo.

No referente aos elementos patrimoniais da contorna, a localización da planta de residuos é pouco idónea dada a existencia nun radio de 2 km de dous castros, catro carballeiras, agrupacións de petróglifos, capelas e cruceiros, unha ponte romana, varios núcleos protexidos, etc. Todo isto fai que a zona aumentase nos últimos anos o número de visitantes dada a posta en valor dos mencionados elementos levadas a cabo tanto por institucións como por asociacións e particulares da zona.

A empresa Toysal S.L. presentou o pasado mes de decembro a solicitude de Autorización Ambiental Integrada, e simultaneamente informe ao Concello de Teo sobre compatibilidade urbanística. Solicitado o informe, o Concello requiriu da promotora copia do proxecto, coñecendo así as características básicas dunha planta que, nunha primeira valoración técnica, vai ter unha grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais do seu arredor.

A situación xerada neste caso, pode repetirse en proxectos similares noutras localizacións na nosa provincia, polo que os Grupos Provinciais da Deputación da Coruña, apoiamos os obxectivos da Plataforma e mostramos a nosa preocupación ante a instalación dunha planta que pode non só causar problemas medioambientais graves, senón xerar un grave impacto na poboación que reside arredor dela.

Por todo isto, a Deputación da Coruña, acorda amosar o apoio á veciñanza do Concello de Teo afectada polo proxecto dunha planta de xestión de residuos no lugar de Casalonga, e ACORDA:

Instar ao Concello de Teo e a Xunta de Galicia a:

1. Que adopten todas as medidas necesarias, de forma conxunta e coordinada, desde un punto de vista institucional como administrativo e respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación da citada planta de reciclaxe na Casalonga.

2. Que se impulsen os cambios lexislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

A Coruña, a 24 de xullo de 2018

Voceiro PARTIDO POPULAR

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Voceiro GRUPO SOCIALISTA

Bernardo Fernández Piñeiro

Voceiro Grupo BNG

Xosé Regueira Varela

Voceiro MAREA ATLANTICA

Daniel Díaz Grandío

Voceiro COMPOSTELA ABERTA

Asdo. Manuel Dios Diz

Voceiro ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Angel García Seoane